

Concello de Outes

ACTA

| Expediente núm. | Órgano colexiado |
|-----------------|------------------|
| PLN/2024/4 | O Pleno |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Extraordinaria urxente

Motivo: «Necesidade de proceder, á maior brevidade posible, ó pago das facturas pendentes de pago incluídas no Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº 3/2024, e, no caso particular dalgunhas delas, para posibilitar a xustificación en tempo en forma das subvencións correspondentes.»

Data: 22 de febreiro de 2024

Duración: Dende as 19:30 até as 19:57 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNÁNDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|----------------------------------|--------|
| 45845184C | ALBA QUINTELA VILARIÑO | SÍ |
| 78792417Y | ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ | SÍ |
| 78797031C | ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA | SÍ |
| 45961024D | ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ | SÍ |
| 44843850Z | CARLOS LEIS PEDROSA | SÍ |
| 79327212M | DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO | SÍ |
| 44817796L | DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA | SÍ |
| 78787194G | FRANCISCO CALO ABELLEIRA | SÍ |
| 33265012C | JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN | SÍ |
| 79327861X | JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO | SÍ |
| 78793193T | MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ | SÍ |
| 33260032P | MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL | SÍ |
| 33277711T | MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS | SÍ |

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Ratificación do Pleno da Corporación da urxencia da sesión.



Concello de Outes

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia da sesión, que ven derivada da necesidade de proceder a aprobación dunha serie de facturas, en particular varias relacionadas co SAF e o servizo do Xantar na casa, que deben aprobarse e pagarse antes do 28 de febreiro, e así permitir a xustificación das correspondentes subvencións dentro do prazo establecido, polo que non era posible sometelas a aprobación previa a celebración do pleno ordinario o vindeiro 29 de febreiro.

Explica que o expediente que estaba a confeccionarse dende a equipa de Intervención para o Recoñecemento Extraxudicial de Créditos incluía outras facturas e, por erro, foi incluído na comision do pleno ordinario, como xa se advertiu con carácter previo a celebración desta sesión.

Concédesse o uso da palabra á Concelleira do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

“Na documentación da convocatoria deste Pleno Extraordinario, que nos fixeron chegar onte, vostedes despachan a motivación da urxencia con catro liñas xenéricas referidas a que teñen facturas pendentes de pago e que no caso dalgunha delas debe facerse ese pago para xustificar en tempo e forma subvencións ás que están ligadas. Nada mais..... Non nos din cales son esas facturas cuxo pago é determinante para o cobro de subvencións e tampouco por qué non se pagaron con anterioridade, non nos explican por qué, de repente, é tan urxente pagar facturas incluídas neste REC, moitas delas con data do ano 2020, 2022 e moitas outras tamén do ano 2023 sen que estas facturas pasen por unha Comisión Informativa para que dende a oposición teñamos a oportunidade de que nos aclaren as dúbidas que nos poidan xurdir ao respecto, e sen que teñamos apenas tempo de entender e valorar o significado de que estean sen pagar gastos que vostedes levan feito dende o ano 2020.

Como xa dixen antes, non sabemos cales son as facturas que están ligadas ao cobro de subvencións, de todos os xeitos facendo un rápido repaso das incluídas nas relacións, parécenos que non hai ningunha desas características que non teña data de entrada anterior a este ano, como digo non o sabemos porque non nolo dixeron, e consideramos que sendo así se puideron pagar con anterioridade e por cauces que permitiran que a oposición puidera estudar convenientemente a documentación do expediente e valorar o seu contido.

Con esta forma de conducirse, nos non podemos máis que chegar á conclusión de que a transparencia da que presume este Goberno, non é tal, senón todo o contrario, xa que todo este atropello na xestión do expediente e das convocatorias co resultado de que non nos deron tempo de estudar o contido da documentación debidamente, semella que cheira un pouquiño a ocultación de información.

En definitiva, non podemos entender que apelen á urxencia para aprobar un REC por valor de 188.964,95 € que contén facturas de toda índole con datas de ata o ano 2020, e sen que pasen estas pola Comisión Informativa. Repito: non o podemos entender. E se hai algunhas que pola súa mala xestión non as pagaron con anterioridade e teñen que aboarse inmediatamente, pois fixeran unha separata das mesmas e iniciaran así este procedemento.”



Concello de Outes

Polo Sr. Alcalde, sinálase que o motivo polo que hai facturas que se incluíron neste expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos é porque dende o departamento de Intervención, cando se confeccionou o expediente, non se contaba co tempo suficiente como para preparar dous expedientes separados: un para as facturas cuxa tramitación era mais urxente, e outro para o resto de facturas, cuxa intención inicial era que foran sometidas a aprobación no vindeiro pleno ordinario do 29 de febreiro, tras pasar pola Comisión Informativa de Facenda. Por todo ilo, por puras razóns de economía procesar, decidiuse integrar todas as facturas pendentes nun único expediente de REC, e así non duplicar o traballo de Intervención.

Na queda de réplica, a Concelleira do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal realiza a seguinte intervención:

“A economía procedemental, a que vostede fai alusión, desemboca en que a oposición teña que sufrir a falta de transparencia deste Goberno.

A urxencia, como cauce excepcional para tramitar expedientes, ademáis de estar referida ao interese xeral, debe estar convenientemente motivada, non se poden levar a un Pleno Extraordinario e Urxente asuntos que poden deben ser tratados polos cauces ordinarios se se levara unha xestión ordeada da economía do Concello, que non é o caso. Non pode confundirse a urxencia xurídica coa conveniencia dun goberno para disimular a súa mala xestión económica, que é o que vostedes levan facendo dende hai moito tempo.”

Polo Sr. Alcalde respóstase que, se as queixas manifestadas son por falta de transparencia, o Grupo Municipal do Partido Popular non ten moito do que presumir.

Considerado suficientemente debatida a urxencia da sesión, e consonte ó disposto no artigos 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, polo Sr. Alcalde sométese á ratificación do pleno a urxencia da sesión e do expediente 128/2024, resultando ésta APROBADA por 7 votos a favor (CO, BNG e PSOE), 6 en contra (PP) e 0 abstencións.

| | |
|--|--------------------------|
| Expediente 128/2024. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 3/2024 | |
| Favorable | Tipo de votación: |

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 188.964,95€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- Relación de OPAS X/2022/25, por importe de 1.628,78 € (Servizo de recaudación CAIXABANK)
- Relación OPAS X/2022/27, por importe de 24.185,43€
- Relación de OPAS X/2023/4, por importe de 8.137,39€ (Facturas COMERCIALIZADORA emitidas en novembro 2023 e rexistradas en decembro 2023)



Concello de Outes

- Relación de OPAS X/2023/5, por importe de 7.932,32€ (Liquidacións Xantar na Casa).
- Relación OPA X/2024/1, por importe de 73.188,25€
- Relación contable F/2024/5, por importe de 59.540,51€
- Relación contable F/2024/6, por importe de 14.352,27€ (facturas COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A)

Visto o informe de reparo número 2024-0003, formulado pola Intervención municipal, en data 19/02/2024, no que pon de manifesto a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2022, prorrogadas para o ano 2024, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas e a beneficio desta entidade.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2024, por importe total de **188.964,95€**, que se corresponden coas facturas incluídas nas relacións contables referidas, que se xuntan como anexo á presente.

- Relación de OPAS X/2022/25
- Relación OPAS X/2022/27
- Relación de OPAS X/2023/4
- Relación de OPAS X/2023/5
- Relación OPA X/2024/1
- Relación contable F/2024/5
- Relación contable F/2024/6

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2024 prorrogado, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

Durante a quenda de intervencións, en primeiro lugar, polo Sr. Alcade ofrécese unha explicación do contido do expediente, sinalando que as facturas incluídas no mesmo refírense a servizos prestados en exercicios anteriores. Se ben algunhas delas foron rexistradas durante o corrente exercicio 2024, outras corresponden ó exercicio 2023. Sinala, ademais, que as facturas con data do exercicio 2020 corresponden á entidade



Concello de Outes

bancaria Caixabank, e refírense a unha serie de comisións bancarias que quedaron pendentes de pago.

Concédesse o uso da palabra á Concelleira do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

“Primeiro de nada, comentarlle que podía ter leído o expediente antes de traelo a este Pleno e así sabería que as facturas de Caixabank e os documentos son do ano 2022, non do 2020.

Unha vez máis acompañan vostedes a súa xestión con palabras calificativas da mesma, tales como descontrol, confusión, desorden, despropósito, trapallada...

Como xa lle dixemos noutra ocasión similar, das moitas coas que vostedes nos obsequian, que eu utilizo estas palabriñas de andar pola casa, pero que outra persoa con mais coñecementos do léxico técnico e xurídico que min, podería definir esa xestión con algún outro término mais acaído.

En referencia ao REC que nos ocupa, sen poder profundizar moito no estudo do mesmo debido a que como xa é sabido, non puxeron a documentación do expediente á nosa disposición ata onte, pero aínda así, temos moitas, moitísimas dúbidas con respecto das facturas que inclúen nel, tamén é verdade que eu estou segura de que un Goberno que se autoproclama como o máximo expoñente en materia de transparencia, non terá ningún reparo nin problema en aclarárnolas unha por unha. Por exemplo:

Poderían empezar por decirnos, a nos e mais ao resto dos veciños de Outes, cales son esas facturas que deben estar pagadas antes do mércores para que non se perdan subvencións por non ser quen de xustificalas, e de paso poden decirnos tamén por qué non se pagaron antes se tal e como supoñemos esas facturas son de antes do comezo deste ano.

Poden continuar aclarando a que se debe que haxa comisións bancarias de Caixabank por valor de 1.628,78€ con datas dos documentos do ano 2022, non do 2020 como decía antes o Sr. Alcalde, e que a día de hoxe 22 de febreiro do 2024 ese asunto non estea resolto.

Outra dúbida que temos e sobre unha factura de data 03/01/2024 con concepto “Escombros sin clasificar depositado en decembro do 2023” da empresa Nemesio Ordoñez S.A. por valor de 2.112 €, quixéramos saber a que obedece ese gasto.

Tamén nos gustaría saber cal foi a causa de que non se teña pagado a día de hoxe a redacción do “Proxecto de Execución da Humanización da Praza do Concello” por valor de 7.392 € se a factura ten data de xuño do pasado ano.



Concello de Outes

Observamos que hai dúas facturas relacionadas coa 2ª fase da obra de Mellora da Praza de Galicia, unha por valor de 17.532,90 € para mobiliario urbano e outra de 6.427,82 € para facer unha canalización para Fenosa. Podería aclararnos a que se debe que quedasen estas facturas do proxecto sen pagar.

Intríganos saber como é posible que teñan facturas a deber de Vodafone dende o ano 2020. Xa sabemos que isto é unha administración pública, pero calquera cidadán de a pé nesa situación tería cortada a liña dende hai catro anos.

Por outra parte, moito presumir de que aumentaron o número de usuarios do programa “Xantar na casa” pero a día de hoxe, polo menos, teñen sen pagar o servizo desas comidas do terceiro trimestre do ano pasado, e o do 2º trimestre tamén, e o do último trimestre do ano 2022 tamén está sen pagar.

Neste REC hai facturas sen pagar anteriores ao ano 2023 por valor de 28.425,98€, o noso Grupo Municipal no Pleno ordinario do 26 de xaneiro do ano pasado, o 2023, preguntámoslle cantas facturas rexistradas no concello ata esa data quedaban por pagar e por qué importe, moi amablemente contestounos que eran 1.495 facturas por valor de 430.000 €, despois fomos descubriendo, a través dos diferentes recoñecementos que fixeron, que a cantidade que nos dou non era certa e que se debían mais de 130.000 € por encima do que vostedes nos contaran. Pensamos que a cousa acabaría aí, pero non, agora, a través deste REC, sabemos que tamén debían 28.425,98€ a maiores, e visto lo visto, isto pode seguir incrementándose. A explicación que nos dou naquela ocasión foi que os traballadores do Concello non lle deran os datos correctos. Sr. Alcalde unha de dúas, ou naquela ocasión nos minteu deliberadamente, ou non foi quen de detectar unha diferenza na débeda de preto de 160.000€ , eu non sei cal será a peor desas dúas opcións, se mentir ou perder o control dos cartos dos veciños de Outes deste xeito.

Ben pois así as cousas, o que esperamos é que teña vostede a ben aclarar todas as cuestións que lle plantexamos, é a súa obriga, dar conta da xestión do seu Goberno, e queremos pensar que ademais da súa obriga é tamén a súa vontade.

Ademais do antedito, observando este expediente, podemos ver que obras que hai 10 meses, alá polo mes de maio do pasado ano, vostedes vendían coma feitas, agora podemos comprobar que, estaban sen acabar de pagar daquela e sen acabar de pagar a día de hoxe. Entre elas a “Senda peonil dende a praia de Broña á entrada de Tavilo”, esa soaralle non? a súa primeira obra estrela, a “Rehabilitación do estaleiro de Broña”, a “Pavimentación do núcleo de Brión de arriba e outros”. Todas elas obras sen acabar de pagar.

Non quero rematar sen poñer de manifesto que os 188.964,95 € deste 3º REC do ano, os 296.167,97€ do 2º e os 86.897,80€ do 1º, suman a nada desdeñable cantidade de 572.087,28€ que iran a cargo dos créditos das correspondentes partidas do Orzamento deste ano, do que teñen prorrogado do ano pasado, diminuíndo as mesmas nesa mesma cantidade.



Concello de Outes

Nos preguntámonos se os seus socios de Goberno están contentos con esa situación vendo como se merma o Orzamento Municipal gracias ao pago de gastos feitos deste xeito, que directa ou indirectamente terán repercusión nos créditos que poderían estar destinados por exemplo a cultura, a servizos sociais ou a deportes.

Nos, tendo en conta as dúbidas que temos sobre as facturas incluídas neste REC, imos absternos na votación porque non nos parece que esteamos en condicións de solventar o reparo feito por Intervención. Aínda que creemos que as facturas que se deben hai que pagalas, sabemos que con esta postura non imos perxudicar a ningún proveedor que estea sen cobrar, e tomaremos esa posición de abstención, debido efectivamente ao 1º punto da proposta de acordo deste Pleno que é: solventar o reparo manifestado pola Intervención Municipal, xa que se trata de actuacións efectivamente realizadas e en beneficio desta entidade. Nos debido ás dúbidas que acabamos de manifestar, non podemos estar seguros nin levantar un reparo ao efecto. Nada máis e moitas grazas.”

Polo Sr. Alcalde pásase a dar resposta ás diferentes cuestións plantexadas pola Concelleira do Partido Popular, indicando, en primeiro lugar, que, como xa se explicou, a urxencia na súa tramitación deriva de que tanto as facturas do Servizo de Axuda no Fogar como as do Servizo Xantar na Casa deben ser pagadas antes da celebración do vindeiro pleno ordinario, pois así o marcan os prazos das respectivas subvencións, e que xa se argumentou o motivo polo que se incluían neste pleno extraordinario urxente.

Reitera que a intención do goberno municipal era que o groso das facturas foran aprobadas no pleno ordinario, e que foran exclusivamente as facturas do SAF e do servizo Xantar na Casa as que foran tramitadas por urxencia e aprobadas no pleno de hoxe.

Manifesta, así mesmo, que a equipa de goberno é perfectamente consciente de que se está regularizando unha situación nada desexable, xurdida xa no ano 2023, no tocante ós tempos de tramitación e pago das facturas, pero que xa se argumentou no seu momento a que se debe dita situación, que preocupou ó goberno municipal no seu momento.

Por outra banda, recoñece que, efectivamente, errou ó dar o dato de que as facturas de Caixabank databan do ano 2020, xa que son as facturas da compañía telefónica Vodafone as que corresponden a dito exercicio. Explica que ditas facturas quedaron pendentes mentres se pelexaba unha situación concreta coa proveedora do servizo de telefonía, pero que, unha vez aclarada dita cuestión, procédese ó seu pago.

No tocante ás facturas correspondentes á humanización da Praza de Galicia, sinala que o retraso no seu pago débese a que foi o propio contratista que non as presentou no rexistro do Concello ata o mes de setembro de 2023.

Finalmente, sinala que os datos que ofreceu en Plenos anteriores, son os que tiña en ese momento e que, salvo erro ou omisión, eran os que en ese momento se lle



Concello de Outes

proporcionaron dende o departamento de Intervención, polo que en todo momento ofreceu a información que a el se lle pasaba. Sinala ademais que polo seu goberno sempre se deu resposta a todas as preguntas plantexadas tanto nos Plenos como nas Comisións Informativas, e critica que, cando o Partido Popular gobernaba este Concello, non se daba resposta as cuestións e dúbidas que se plantexaban.

Engade que a intención do goberno municipal e ir sacando esta situación tan complexa adiante. Sinala que o exercicio 2024, efectivamente, vai comezar un pouco mais condicionado, en termos económicos, do que lles gustaría, pero agarda que en cuestión de meses esta problemática desapareza, e con ilo, estas críticas do Partido Popular que sempre teñen que ver coa xestión burocrática das facturas.

Durante a súa quenda de réplicas, a Concelleira do Partido Popular, D^a María Beatriz Molinos Vidal, sinala o seguinte:

“Non lle quepa dúbida de que sabemos facer moitas outras cousas máis que falar das facturas, de feito xa as temos feitas... que vostede non as queira ver non é problema noso, é un problema seu: non querer ver a realidade.

Ben, é certo que a posta a disposición da documentación estaba na Comisión Informativa que se convocou o luns, eso sí: as oito e media da noite.

Seguindo co tema, o de que non lle contestábamnos as preguntas que nos facían nas Comisións Informativas, non sei de onde o saca vostede, porque eu sempre contestei, tanto nesas Comisións como nos Plenos, a todas as preguntas que nos fixeron, sen ocultar ningunha información.

Vexo que non contestou á maior parte das dúbidas que temos con respecto a este REC. Con respecto á obra da Praza de Galicia, entendo que quere dicir que era unha parte do proxecto que aínda estaba sen pagar e que ...non sei moi ben, podería aclaralo mellor porque non o entendín.

Como vexo que non van a aclarar nada destas dúbidas que temos, nos non imos deixar pasar isto así. Hoxe non nos contestou porque non estaba preparado, pois prepare o tema porque imos volver a preguntar ao respecto. Nada mais e moitas grazas.”

Polo Sr. Alcalde respóntase que, no tocante á Praza de Galicia, non é que as facturas incluídas neste expediente de REC foran parte do proxecto de humanización da praza, cuxas facturas xa foron pagadas e a obra deuse por rematada, senon que corresponden a un mobiliario que inicialmente non estaba incluído en dito proxecto, e que finalmente foi incluído, se ben a empresa o facturou mais tarde.

Remata a súa intervención sinalando que, se todo vai ben, mañá mesmo darase a orde de pago das facturas para que sexan tramitadas de xeito inmediato.

Considerando o asunto suficientemente debatido, polo Sr. Alcalde sométese o expediente a votación, resultando APROBADO por 7 votos a favor (CO, BNG e PSOE), 0 en contra e 6 abstencións (PP).



Concello de Outes

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 19:57 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

